

(Ven da páxina anterior)

Un amigo dicíame que a nosa xeración deu mal resultado físico e é que vivimos sempre en estado de alerta.

Nese mesmo acto do que antes falei, vostede defníase como unha persoa de esquerdas pero sen adscripción política. Como define esa idea sua?

Son dunha esquerda que é doutra maneira: a humanística, a de xente perfectamente honesta, a de quen non se aproveita do seu nome para nada... quizais é unha esquerda máis antiga pero paréceme máis séria e sen aproveitamentos de nengunha clase.

Hoxe hai xente que senta detrás dun despacho e calquera o saca de aí, convértese en algo vitalicio. Non estou dacordo, como non o estaba antes de que houbera quen mandara cuarenta anos no país anteriormente, é que estamos xogando ao mesmo? quen antes ridiculizaba a pesca, a caza e os iates agora fai o mesmo. Non se pode ridiculizar algo no que vas caer despois, hai que ser consecuente. Eu son a mesma que aos 18 anos cos meus ideais e a miña maneira de pensar.

Vostede participa e organiza reci-

tais poéticos. Pensa que é a forma ideal de comunicación do poeta?

Coido que si. É moi importante na poesía dar recitais, ten que haber un grupo que organice recitais duante o ano que servan para concenciar á xente sobre o valor da poesía. Hoxe é a arte máis limpa; non se cobra, apenas se venden libros... somos case os cartuxos da arte xunto con algúns compositores de música.

Vostede non escribeu prosa?

Eu escribin unha narración para nenos e recentemente outra pequena cousa. Non sería capaz de escribir unha novela: teño unha concepción restrinxida do que quero dicir para o que o poema me serve, e mesmo o poema curto. Eu preciso condensar o que teño que dicir e nunha novela andaría perdida, poderíanme as personaxes e serían eles os que mandarían.

E que xuício ten sobre a poesía que hoxe se fai no noso país?

Está nun dos seus mellores momentos: hai moitos e bons poetas. Con diferenza é o lugar da península no que mellor poesía se fai mesmo ollando aos demais en xunxo. ♦

Peden un programa especial da TVG para Xesus Campos

Can sen Dono organiza unha exposición do criador recentemente falecido

■ M.V.

Público e conferenciantes presentes na inauguración dunha exposición dedicada a Xesús Campos, celebrada o pasado día 12 no Castelo de Soutomaior, coincidiron na esixencia de que a TVG ten o compromiso moral de realizar un programa monográfico ao que foi un dos seus máis inquietos guionistas, recentemente finado. Entre outros programas, Campos foi o responsable de *A ver que vai ser isto*, un dos exercicios máis desintoxicadores que ten emitido esta cadea de televisión.

O acto que servía de presentación á exposición estaba organizado pola revista de humor *Can sen Dono* que daba a coñecer simultaneamente un número no que se recollaban os traballos do homenaxeado na citada publicación.

O acto, que non caíu en nengun momento nos tonos necrolóxicos, abalou entre dúas intervencións nutridas e aparentemente dispaes como era a personalidade de *Chichi Campos*, a do diseñador Xosé Díaz, un dos seus amigos e colaboradores máis antigos e a dos actores Morris e Manquiña, colaboradores na última etapa da vida do guionista, humorista e colaborador de prensa.

Díaz destacou sobre todo a intelixencia e a valentía de Xesús Campos "e que con certeza son a causa última da súa morte" ocorrida á prematura idade de 38 anos".

Morris e Manquiña coincidiron nesta apreciación e destacaron a importancia de Campos como criador, as máis das veces escasamente recoñecida a causa do tono humorístico e cotidiano característicos da súa obra. Interviron tamén o anfitrión e alcalde de Soutomaior, Fernando Pereira, o promotor da revista, Antón Mascato e o director de *Diario 16 de Galicia* Miguel Boo.

ARTIS-PUTI (ARTISTAS PVTEADOS):



Como Castelao

Fustigador inesgotábel en vida de mediocres e tiralevitais, Campos parece que se pode converter nunha figura incomoda aínda despois de falecido. A súa obra é agora recollida polos seus amigos de sempre, como o será moi axiña polos responsábeis do Pub *O Patacón* da Coruña que escolmará noutra ex-

posición parte dos seus traballos de acedo humor.

Os responsábeis da TVG e os seus mentores ideolóxicos parecen ter aínda reservas para apropiarse do cadáver. A *Chichi Campos* poden tardarselle en recoñecer os seus méritos 40 ou 50 anos, como a Castelao, figura coa compartía esbeltez e elegancia. ♦

Ciclos de Tarkovski e Edgar Neville na programación do Centro Galego de Artes da Imaxe

■ X.C.

O Centro Galego de Artes da Imaxe, recentemente aberto nas súas instalacións da rua Durán Loriga de A Coruña ven de organizar, en colaboración coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega e a produtora Videoesquima SA, a programación dos meses de Abril e Maio. Combinando a produción galega - neste caso videográfica - cos ciclos de cine, o CEGAI vai na procura de dinamizar o mundo da imaxe na Galiza.

En canto ás producións galegas o día 23 de Abril Antón Reixa e a súa equipa presentarán *Ringó Rango*, un traballo do pasado ano que entra dentro dun ciclo intitulado *Un esquimal na corte do audiovisual*, que inclúe un resumo de *Sitio Distinto*, *Salvamento* e *Socorrismo* e o propio *Ringó Rango*. O día 25 e 26 de Abril celebráranse senllos seminarios de recupera-

ción do patrimonio audiovisual, con ponencias de Xosé Enrique Acuña, Xosé Luis Cabo, Gustavo Docampo, Manuel González, Angel Luis Hueso, Tino Martínez e Ramón Rubio Lucia.

O día 30 de Abril, con presentación de Felipe Senén, proxecciónase a produción *Arquitectura defensiva*, con guiño do propio Senén, realización de *Video Producción Iris* e produción da AS-PG. O obxectivo do vídeo é catalogar as principais mostras da arquitectura militar galega e percorre, desde o Neolítico á Guerra de Independencia contra os franceses os principais fitos da Historia de Galicia.

Ciclos de cine

Tarkovski e Edgar Neville son os cineastas escollidos para abrir dos dous primeiros ciclos cinematográficos do CEGAI. Do falecido cineas-

ta soviético vaise poñer o mellor da súa produción. *Solaris* (15 e 16 de Abril), *Stalker* (17 e 18 de Abril), e *Sacrificio* (19 e 22 de Abril).

De Neville están previstos *Queen Kelly* (25 e 26 de Abril), *A ironía do diñeiro* (3 e 6 de Maio), *O crime da rua dos bordadores* (7 e 8 de Maio), *O último cabalo* (9 e 10 de Maio) e *A vida nun fio* (13 e 14 de Maio). Os días 29 de Abril e 2 de Maio proxecciónase un documental de Pedro Carvajal e Javier Castro que explora a época do cine de Neville, un dos poucos cineastas españois que ao xuício dos responsábeis da programación do CEGAI merece o calificativo de autor. O título é *O tempo de Neville*.

O horario para todas as actividades é ás 20 horas e o prezo de 30 pesos, 20 para os portadores do Carné Xoven. ♦

así é
(se vos parece)
Pirandello

SANTIAGO
Teatro Principal
Martes, 16 de Abril
Mércores, 17 de Abril
Xoves, 18 de Abril

OURENSE
Teatro Losada
Domingo, 21 de Abril
Luns, 22 de Abril

PONTEVEDRA
Teatro Malvar
Sábado, 27 de Abril
Domingo, 28 de Abril

VIGO
Centro Cultural Caixavigo
Mércores, 22 de Maio
Xoves, 23 de Maio

LUGO
Gran Teatro
Venres, 3 de Maio
Sábado, 4 de Maio

FERROL
Teatro Jofre
Venres, 10 de Maio
Sábado, 11 de Maio

A CORUÑA
Teatro Colón
Xoves, 16 de Maio
Venres, 17 de Maio
Sábado, 18 de Maio
Domingo, 19 de Maio

Venres, 24 de Maio
Sábado, 25 de Maio

XUNTA
DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE

Centro Dramático Galego

